

I ALEGACIONES XERAIS

I.1 Sobre a fixación definitiva do Temario que rexerá as probas.

“O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo I desta orde. Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que no momento de publicación no DOG do nomeamento do tribunal do proceso contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior”

Respecto a esta base, solicitamos que se retire a referencia ás normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que no momento de publicación no DOG do nomeamento do tribunal do proceso contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior. Dende a publicación do nomeamento do tribunal no DOG, concédese ao mesmo un prazo máximo de 15 días para a celebración da súa sesión constitutiva. Despois da dita constitución o primeiro exame de cada un dos procesos selectivos realizarase no prazo de corenta días, polo que entre a publicación no DOG do nomeamento do tribunal e a realización do primeiro exercicio, transcorrería un prazo máximo de 55 días. Non parece razoable que o contido do programa obxecto de exame non sexa definitivo ata 55 días antes da data do exercicio, e moito menos que inclúa normas publicadas en calquera dos boletín oficiais pero non necesariamente vixentes. Atenta contra calquera seguridade xurídica e contra o máis mínimo dereito do opositor a coñecer con antelación suficiente o programa obxecto de exame.

A proposta de CSIF é que o temario quede definitivamente FIXADO coa publicación da listaxe DEFINITIVA de aspirantes admitidos á realización do exercicio.

I.2 Sobre o tipo de probas.

Solicitamos que **todas as probas sexan tipo test** ao fin de rematar coa falta de obxectividade e abuso da doutrina da discrecionalidade técnica que se esta a producir nesta Administración (subsidiariamente de exame de pregunta/resposta curta)

O exame test resulta o mais obxectivo e axeitado para determinar os coñecementos dos aspirantes.

O seu uso esténdese dende probas MIR ou similares ata para acceder ás mais prestixiosas universidades do mundo, polo que non entendemos a negativa constante da Xunta en rexeitar dito tipo de proba.

Subsidiariamente solicitamos que:

Os Exames de desenvolvemento e práctico sexan substituídos por Exames de Preguntas Curtas de resposta automática e valorizada aritmeticamente na convocatoria.

Como segunda petición subsidiaria, se solicita que, de persistir a Administración nos exames tipo desenvolvemento, os mesmos sexan situados cronoloxicamente como exame intermedio entre o exame test e o test práctico (coñecemento de lingua galega aparte),

I.3 Sobre os programas e temarios

Pese a o que ven demandado CSIF e pese a que a meirande parte da doutrina científica especializada ven aconsellando, o certo que ano tras ano, as convocatorias de procesos selectivos da Xunta de Galicia amosan un principal método de actualización, tal que é, o engadir a modo de “volcado” as novidades normativas que se van producindo.

E dicir, que as reformas nas diversas convocatorias implican principalmente que os sistemas de acceso inciden na capacidade memorística dos aspirantes, desbotando unha mellora e modernización dos mecanismos de selección actuais, prestando atención a outras alternativas que xa se están impoñendo noutros entornos.

Dende o CSIF non podemos apoiar este tipo de temarios baseados unicamente nas probas memorísticas e que claramente contradixen toda a evolución que se esta a producir nos procesos de selección de persoal.

E aínda mais. Se xa criticabamos en convocatorias anteriores que se pretendese que os aspirante coñeza toda a normativa en dous niveis de coñecemento, o deseño destes procesos (sobre todo nos Grupos A1 e A2) afonda en dito erro e esixe ao aspirante preparar unha mesma materia non soamente dúas, senón ata tres veces mediante técnicas de estudo totalmente diferentes.

II ALEGACIONES CONCRETAS A CADA CONVOCATORIA

II.1 ACCESO LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA. SUBGRUPO A1: PROCESO DE ESTABILIZACIÓN

A primeira pregunta que cabe facerse e...¿Onde está a simplificación e redución de temarios que asinaron algúns para os “procesos de estabilización” no cacarexado Acordo de des-concertación?

No Subgrupo A1, acceso Libre: 179 temas + Contabilidade. 5 exercicios, que en realidade son seis.

No subgrupo A2, promoción interna; 93 temas.

Así pois, en esixencia ao cumprimento do “asinado” CSIF esixe que se produza unha verdadeira redución dos temarios e probas na referida convocatoria.

Enviamos proposta de redución de temario.

1.- EN A1 **PROMOCIÓN INTERNA** no **primeiro exercicio**: Supresión do cuestionario test de 10 preguntas, deixando o exame como de carácter eminentemente práctico, e no segundo aplicar **ELIMINAR OS 9 PRIMEIROS TEMAS DE ADMINISTRATIVO E NO RESTO DE TEMAS** co mesmo temario que o proposto para estabilización.

No **segundo exercicio**, deberían desenvolverse dous temas a elixir entre catro extraídos ao chou, e de considerarse imprescindible un exercicio de desenvolvemento, tería que realizarse por escrito e mediante a asignación dun código ao opositor que permita que os exames sexan totalmente anónimos para o Tribunal no momento da súa corrección (ELIMINANDO OS 9 PRIMEIROS TEMAS DE DEREITO ADMINISTRATIVO E NO RESTO DE TEMAS co mesmo temario que o proposto para estabilización).

ALEGACIONES PROCESOS SELECTIVOS ESCALAS FINANZAS Febreiro 2021

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

2- EN A1 ESTABILIZACIÓN.

Con carácter subsidiario ao dito respecto dos exercicios, con carácter xeral:

1º Exercicio: Xúntase temario con redución de temas no primeiro exercicio.

2º Exercicio: Propoñemos a eliminación da parte de matemática financeira.

3º Exercicio: Supresión do cuestionario test de 10 preguntas, deixando o exame como de carácter eminentemente práctico.

4º En contra do desenvolvemento oral. De considerarse imprescindible un exercicio de desenvolvemento, tería que realizarse por escrito e mediante a asignación dun código ao opositor que permita que os exames sexan totalmente anónimos para o Tribunal no momento da súa corrección. En lugar de desenvolver os 4 temas previstos, se propón o desenvolvemento de 2 temas dos 4 extraídos (entre o temario reducido proposto)..

II.2. ACCESO LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA AO CORPO DE XESTIÓN. ESCALA FINANZAS. PROCESO DE ESTABILIZACIÓN

Reiteramos o xa exposto no epígrafe anterior.

1.- EN A2 PROMOCIÓN INTERNA DEBERÍAN ESTAR EXENTOS DO PRIMEIRO EXERCICIO e, no segundo e terceiro aplicar o mesmo temario que o proposto para estabilización.

2.- A2 ESTABILIZACIÓN

Con carácter subsidiario ao dito respecto dos exercicios, con carácter xeral, xuntase temario con redución de temas no primeiro e no terceiro exercicio.

En canto a contabilidade (segundo exercicio), propónse eliminar la parte de MATEMÁTICAS FINANCIERAS

Respecto das dúas partes do terceiro exercicio considerase sen sentido, dividilo en preguntas cortas e temas. Propónse eliminar o desenvolvemento do tema ou subsidiariamente RETIRAR PARA o desenvolvemento DE TEMA os indicados en el Anexo que se xunta e que se corresponden con impostos estatais (que en todo caso están xa sometidos a proba na primeira parte deste terceiro exercicio). **A AEAT en TÉCNICOS DE HACIENDA elimina temas nesta segunda parte dende fai convocatorias.**

II.3 A1 PROMOCIÓN INTERNA SEPARADA AO CORPO SUPERIOR.

A FASE DE OPOSICIÓN

En contra do desglose do primeiro exercicio en dúas probas:

Supresión do cuestionario test de 10 preguntas, deixando o exame como de carácter eminentemente práctico, e no segundo aplicar o mesmo temario que o proposto para estabilización.

Polo que se refire á data de realización do primeiro exercicio non deberá ser antes de seis meses dende a data de convocatoria.

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csif.es

ALEGACIONES PROCESOS SELECTIVOS ESCALAS FINANZAS Febreiro 2021

SECTOR DE ADMINISTRACIÓN GENERAL DE CSIF

Polo que respecta ao segundo exercicio, requirimos que se elimine como proba **oral**, xa que atenta contra o debido **anonimato do opositor** que debe garantirse ao longo de todo o proceso selectivo, canto máis para a quenda de promoción interna.

No segundo exercicio, deberían desenvolverse dous temas a elixir entre catro extraídos ao chou, e de considerarse imprescindible un exercicio de desenvolvemento, tería que realizarse por escrito e mediante a asignación dun código ao opositor que permita que os exames sexan totalmente anónimos para o Tribunal no momento da súa corrección (ELIMINANDO OS 9 PRIMEIROS TEMAS DE DEREITO ADMINISTRATIVO E NO RESTO DE TEMAS co mesmo temario que o proposto para estabilización).

4

B FASE DE CONCURSO.

Base II.2. Fase de concurso.

Csif amosase a favor da simplificación dos baremos na fase de concurso e do aumento da porcentaxe e peso da antigüidade no Baremo

Consideramos imprescindible que neste apartado sexa valorada TODA a formación impartida polas organizacións sindicais, sempre que dita formación fora homologada previamente por unha escola ou centro de formación das Administracións Públicas.

Alegacións ao Temario:

O temario proposto pola Administración organízase en 5 bloques, con un total de

Solicitamos que se retiren do temario para este proceso selectivo os 20 temas propostos dentro do apartado de Dereito Administrativo. Por unha banda, trátase dun temario para unha proba de promoción interna, e entendemos que os coñecementos concretos e xerais de dereito administrativo reflectidos nos ditos temas poden ser eliminados, do mesmo xeito que os que se recollen no apartado de “facenda pública” xa que a denominación dos mesmos, da unha pista sobre o seu carácter xeneral para o acceso a esta escala (por exemplo, o tema 29 “Gasto público: teorías explicativas do crecemento, equidade e eficiencia. Teorías explicativas do crecemento do gasto público. Incidencia e efectos distributivos do gasto público. Eficacia e eficiencia do gasto público: conceptos e técnicas de análise”)

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2021

O SECRETARIO XERAL DE ORGANIZACIÓN

José F. Sánchez-Brunete Varela

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 ☎ 981 575 140 ✉ galicia@csif.es